

MANEXO BÁSICO DE DRUPAL

PÁXINAS WEB DOS CENTROS

Índice de contido

1.- Introducción á paxina Web do Centro.....	2
2.- Configurando a páxina.....	3
2.1.- Bloques.....	3
2.1.1.- Colocando os bloques na páxina.....	4
2.1.2.- Configurando os bloques.....	10
2.2.- Menús.....	12
2.2.1.- Creando un menú.....	12
2.2.2.- Engadindo elementos ó menú.....	15
2.2.3.- Configurando o bloque asociado ó menú.....	18
2.2.4.- Os enlaces primarios e secundarios.....	20
3.- Creando contidos.....	20
3.1.- Tipos de contidos.....	20
3.2.- Administrando o acceso ós tipos de contido.....	23
3.3.- Engadindo contidos.....	24
3.3.1.- Engadindo unha Páxina.....	24
3.3.2.- Engadindo un contido Story.....	28
3.3.3.- Creando un Evento.....	31
3.3.4.- Engadindo contidos multimedia (vídeos, imaxes, ...). ..	32
3.3.5.- Engadindo contidos externos (Youtube, Maps, ...). ..	36
3.3.6.- Creando enlaces.....	40
3.3.7.- Editando ou eliminando un contido.....	41
4.- Categorías.....	43
4.1.- Creando unha nova categoría.....	43
4.2.- Usando a categoría para catalogar os contidos.....	50
4.3.- Creando menús a partir das categorías.....	53
4.3.1.- Creación dun bloque para o menú.....	54
5.- Temas.....	57
5.1.- Configurando as plantillas.....	62

1.- Introducción á paxina Web do Centro

Cando entramos na páxina web do noso centro veremos unha imaxe similar a esta no noso navegador:

Cabeceira

Menús

The screenshot shows the website layout with several key areas highlighted by red boxes and labels:

- Cabeceira (Header):** Contains the Xunta de Galicia logo, the school name 'IES Maximino Romero de Lema', and navigation links like 'Contidos', 'Portal educativo', 'SEM Correo', 'Aula virtual', and 'Galerías'. A search bar is also present.
- Barra lateral esquerda (Left Sidebar):** A vertical menu with categories: 'O Centro' (Localización, Oferta educativa, Secretaría, Dependencias, Organigrama), 'Alumnado' (Tableiro), 'Pais/Nais' (Actividades, APA, Novas), 'Actividades' (Complementarias, Extraescolares), 'Biblioteca' (Animación á lectura, Recomendámosche), 'Blogs do centro' (Antropoloxía 1º BAC, Biblioteca, Club de Lectura, Proxecto Interdisciplinar, Blog Abalar), and 'Revista A Cidá'.
- Corpo da páxina (Main Content):** Features a 'Benvida' message, a photograph of the school building, and a section titled 'Visita á Domus do I.E.S. Maximino Romero de Lema' with a sub-section 'Visita a la Domus'.
- Barra lateral dereita (Right Sidebar):** Includes an 'Eventos' calendar for March 2012, a 'Departamentos' list (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Debuxo, Economía, Educación Física, Filosofía, Francés, Física e química, Informática, Inglés, Latín e Grego, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Música, Orientación, Relixión Católica, Tecnoloxía), and 'Normalización Lingüística' (Normalización, Actividades).

Barra lateral esquerda

Barra lateral dereita

Podemos diferenciar unhas zonas ben definidas dentro da páxina:

- *Corpo da páxina:* Nesta zona da páxina irá o contido dos artigos ou entradas que publicemos e promocionemos á páxina principal. Normalmente aparecerán as novas de interese que queremos destacar na nosa páxina.
- *Barras laterais (dereita e esquerda):* Nesa zona da pantalla é onde iran os *bloques* de Drupal. Os bloques son elementos que nos ofrecen novas funcionalidades ou acceso a outras zonas do portal. Xa veremos máis adiante como traballar cos bloques.
- *Cabeceira:* Na cabeceira podemos poñer, por exemplo, un *slogan* do noso sitio, unha imaxe ou algún outro elemento para *decorar* o nosos sitio. Ademais temos os menús de acceso á Aula Virtual, Galería de Imaxes e outros sitios.

- *Pe de páxina:* Aínda que non se ve na imaxe anterior, no pe de páxina teremos información sobre o noso sitio (por exemplo, indica que é unha páxina construída con Drupal).

Neste manual centraremos no manexo dos menús e bloques da páxina para darlle o aspecto desexado á mesma e na publicación de contidos, vendo os distintos tipos dos mesmos e as posibilidades que ofrece cada tipo.

2.- Configurando a páxina

Comezaremos vendo un pouco como se traballa cos *bloques*, que son os compoñentes cos que configuraremos a aparencia da páxina.

2.1.- Bloques

Os bloques son elementos que poderemos colocar en certas zonas da nosa páxina (normalmente farémolo nas barras laterais) e permiten aumentas a funcionalidade da mesma ou mellorar o aspecto.

Como exemplo de bloques podemos ver algúns na imaxe seguinte:

The screenshot shows the website for IES Maximino Romero de Lema. Three blocks are highlighted with red boxes and numbered 1, 2, and 3:

- Block 1:** A sidebar menu titled "O Centro" containing links for "Localización", "Oferta educativa", "Secretaría", "Dependencias", and "Organigrama".
- Block 2:** A calendar titled "Eventos" for "Marzo 2012". The calendar shows days of the week (Lun to Dom) and dates (1 to 31). The date 15 is highlighted in red.
- Block 3:** A list titled "Departamentos" containing links for "Ciencias da Natureza", "Ciencias Sociais", "Debuxo", "Economía", "Educación Física", "Filosofía", "Francés", "Física e química", and "Informática".


Na imaxe anterior remarcamos tres zonas con recadros vermellos para resaltalas. Cada unha desas zonas representa un *bloque* dentro da nosa páxina. Cada un dese bloques ten unha funcionalidade e usáremoslo neste manual en diferentes momentos. Por exemplo, o bloque 1 ten unhas ligazóns para acceder a distintas seccións da páxina que conteñen información sobre o centro (a súa localización, oferta educativa, dependencias, ...). No bloque 2 podemos ver un calendario para eventos. Nese calendario poderemos introducir datos de xeito que as datas se convertan en enlaces e ó premer sobre elas nos dean información sobre o que vai acontecer no centro ese día. O bloque 3 ten un listado dos Departamentos do centro. Ó premer no nome do departamento levaranos

á páxina do mesmo. Cando publiquemos cousas na nosa páxina farémolo de xeito que se engadan automaticamente ós menús dos Departamentos.

Os bloques podemos colocalos onde queiramos dentro da páxina, pero, como vemos no exemplo, normalmente colocáremos nas barras laterais. Vexamos un pouco como modificar a posición dos bloques que xa temos creados na nosa páxina.

2.1.1.- Colocando os bloques na páxina

Dentro do noso portal de Drupal temos xa creados unha serie de *bloques* que poderemos facer visibles si o desexamos. Facelos visibles significa que os colocaremos nalgunha zona da páxina para que os visitantes poidan utilizalos. Para ver os bloques que temos dispoñibles debemos iniciar sesión con un usuario que teña privilexios de administración. Para iso teremos un bloque xa situado na nosa páxina que nos permitirá facer ese inicio de sesión:



Revista A Cidá

- [Revista a Cidá](#)

Iniciar sesión

Nome de usuario: *

Contrasinal: *

- [Solicitar un novo contrasinal](#)

Nesa zona escribiremos o nome de usuario e o contrasinal dun usuario con privilexios de administración e aparecerá o seguinte:




Revista A Cidá

- [Revista a Cidá](#)


admin

- [Foros](#)
- [Enquisas](#)
- [Articles](#)
- [A miña conta](#)
- ▶ [Crear contido](#)
- ▶ [Administrar](#)
- [Saír](#)


Vemos que as caixas de texto para o acceso desapareceron e apareceu no seu lugar un menú de navegación que nos permitirá, entre outras cousas, crear contido e administrar o sitio. Si prememos en **Administrar** abriranse as opcións de administración do sitio:



Dentro desas opcións de administración escolleremos a que pon **Construcción da páxina**. Abriranse unhas novas opcións:



e, ó mesmo tempo, na zona de contidos poderemos ver os enlaces a eses sitios:


**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

IES Maximino Romero de Lema

O Centro

- o [Localización](#)
- o [Oferta educativa](#)
- o [Secretaría](#)
- o [Dependencias](#)
- o [Organigrama](#)

Alumnado

- o [Taboleiro](#)
- o [Enlaces de interese](#)

Pais/Nais

- o [Actividades](#)

[Inicio](#) » [Administrar](#)

Construcción da páxina

Alias de URL
Cambia as rutas de URLs do sitio mediante alias.

Bloques
Configura qué bloque de contido aparece nos bordes laterais da túa páxina e outras rexións.

Menús
Controla o menú de navegación do sitio, as ligazóns primarias e as ligazóns secundarias, así como o cambio de nome e a reorganización das opcións do menú.

Módulos
Habilita ou deshabilita módulos na túa páxina.

Plantillas
Cambia o tema que emprega o sitio ou permite que os usuarios o elixan.

Da igual si accedemos dende o menú lateral ou dende estes enlaces a cada unha das opcións. Os enlaces levan ós mesmos sitios. Neste caso o que queremos é traballar cos *bloques* polo que premeremos no enlace con ese nome. Aparecerá unha pantalla na que, si avanzamos cara abaixo, poderemos ver algo coma o seguinte:

Faga clic en *Configurar* xunto a cada bloque para configurar as súas opcións específicas de título e visibilidade. Use a [páxina para agregar un bloque](#) se desexa crear un bloque personalizado.

Bloque	Rexión	Operacións
Barra lateral esquerda		
+ O Centro	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Profesorado	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Alumnado	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Pais/Nais	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Biblioteca	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Blogs do centro	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Revista A Cidá2	Barra lateral esquerda ▼	configurar borrar
+ Iniciar sesión	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Navegación	Barra lateral esquerda ▼	configurar
Barra lateral dereita		
+ Contacto	Barra lateral dereita ▼	configurar borrar
+ Calendar to browse	Barra lateral dereita ▼	configurar

Si nos fixamos vemos que temos as seccións da páxina onde se amosarán os bloques (na imaxe aparecen **Barra lateral esquerda** e **Barra lateral dereita**). Dentro de cada zona vemos que hai uns bloques xa postos, unha columna coa **Rexión** na que está (para que poidamos cambiar de rexión si queremos), un enlace que pon **Configurar** na última columna, a chamada **Operacións**. Este último enlace permitiranos definir cando ese bloque será visible, por exemplo. Ademais, nalgúns dos bloques teremos un enlace que nos permitirá borrarlo (unicamente nos que teñamos creados de xeito manual).

Na imaxe anterior vemos os bloques que xa están *colocados* na nosa páxina. Poderemos movelos de sitio si o desexamos. Pero, ademais dos anteriores, temos na parte inferior da páxina uns bloques que non están asignados a ningunha zona:

Desactivado		
+	Page Navigation (Paging)	<ningún> configurar
+	Attached images	<ningún> configurar
+	Aula virtual	<ningún> configurar borrar
+	Formulario de busca*	<ningún> configurar
+	CRON	<ningún> configurar
+	Comentarios recentes	<ningún> configurar
+	Distribuir	<ningún> configurar
+	Enlaces primarios	<ningún> configurar
+	últimos elemento da	<ningún> configurar

Vemos que eses bloques existen na nosa páxina, pero os visitantes nunca os poderán usar xa que están **desactivados** e non se amosan en ningún sitio.

Vexamos como activar algún deles e colocalo na zona da páxina que desexemos. Colleremos, por exemplo, o remarcado na imaxe anterior: un campo de busca no que os visitantes poidan introducir os seus termos para buscar información na páxina. Seleccionaremos que o queremos colocar na barra lateral esquerda, por exemplo:

+	Aula virtual	<ningún>	configurar borrar
+	Formulario de busca*	<ningún>	configurar
+	CRON	Barra lateral esquerda	configurar
+	Comentarios recentes	Barra lateral dereita	configurar
+	Distribuir	Contido	configurar
		Cabeceira	configurar
		Pé	configurar
		<ningún>	configurar

Unha vez seleccionada a posición do bloque veremos que xa nos aparece na barra desexada:

Bloque	Rexión	Operacións
Barra lateral esquerda		
+ Formulario de busca*	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ O Centro	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Profesorado	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Alumnado	Barra lateral esquerda ▼	configurar

Podemos ver os bloques na orde que se mostrarán dentro desa barra. Podemos colocar o noso bloque na posición desexada simplemente arrastrándoo cara onde queiramos.


Supoñamos que queremos poñer o bloque entre os bloques “O Centro” e “Profesorado”. Simplemente arrastramos o noso bloque a esa posición:

Bloque	Rexión	Operacións
Barra lateral esquerda		
+ O Centro	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Formulario de busca*	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Profesorado	Barra lateral esquerda ▼	configurar


Antes de pulsar no botón de *Garda-los Bloques* na parte inferior da páxina vexamos como tiñamos a barra lateral:

<p>O Centro</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Localización ○ Oferta educativa ○ Secretaría ○ Dependencias ○ Organigrama <p>Profesorado</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Novas Profesorado ○ Permisos e licenzas ○ Información de contacto

Despois de gardar os cambios veremos o seguinte:




Si quixésemos eliminar ese bloque da nosa páxina o único que debemos facer é ir á mesma páxina de administración de Bloques de antes e definir na posición do bloque a opción *ningún*:



Se gardamos agora os cambios volveremos a ver o bloque de *Formulario de busca* na parte de bloques *desactivados* e desaparecerá da nosa barra lateral:





2.1.2.- Configurando os bloques

Hasta o de agora vimos como buscar os bloques que temos *instalados* en Drupal e como facelos visibles en algunha parte da nosa páxina. Pero supoñamos que queremos que un bloque se amose unicamente a certos usuarios (por exemplo, queremos que o bloque de profesorado se amose unicamente ós usuarios que accederon á nosa páxina e iniciaron sesión coma *profesores*.)

Para conseguir iso o primeiro que debemos facer é asignar o bloque a unha das zonas da páxina tal e como fixemos antes. Por exemplo, o bloque *Profesorado* porémolo na barra lateral esquerda:

Bloque	Rexión	Operacións
Barra lateral esquerda		
+ O Centro	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Profesorado	Barra lateral esquerda ▼	configurar
+ Alumnado	Barra lateral esquerda ▼	configurar

Unha vez indicada a *posición* e o *peso*, premeremos no enlace que pon *configurar* e aparecerá a seguinte pantalla:

Inicio » Administrar » Construcción da páxina » Bloques

bloque 'Profesorado'

▼ **Axustes específicos do bloque**

Título do bloque:

Suplanta o título predefinido do bloque. Empregue <none> para non mostrar título, ou déixeo valeiro para empregar o título do bloque predefinido.

▼ **Configuración da visibilidade por usuario**

Configuración personalizada da visibilidade:

Os usuarios non poden controlar se ven ou non este bloque.

Amosar este bloque por defecto, pero permitir aos usuarios agochalo.

Agochar este bloque por defecto, pero permitir aos usuarios amosalo.

Permitir aos usuarios personaliza-la visibilidade deste bloque na súa páxina de configuración da conta.

▼ **Opcións de visibilidade específicas do rol.**

Mostra o bloque para roles específicos:

administrador

Alumno

anonymous user

authenticated user

Pai-Nai

Profe

Superprofe

Mostrar este bloque só para os roles seleccionados. Se non selecciona ningún rol, o bloque é visible para tódolos usuarios.

▼ **Configuración da visibilidade por páxina**

Amosa-lo bloque en certas páxinas:

Amosar en tódalas páxinas agás nas listadas.

Amosar só nas páxinas listadas.

Nesa páxina seleccionaremos os *roles* que poderán ver este bloque:

▼ **Opcións de visibilidade específicas do rol.**

Mostra o bloque para roles específicos:

administrador

Alumno

anonymous user

authenticated user

Pai-Nai

Profe

Superprofe

Mostrar este bloque só para os roles seleccionados. Se non selecciona ningún rol, o bloque é visible para tódolos usuarios.

Deste xeito, unicamente cando un *administrador* ou un *profe* accedan a páxina usando un nome de usuario e contrasinal se fará visible este bloque (o rol de *Superprofe* que se amosa non é máis que un *profe* con uns permisos adicionais).


Na páxina de configuración anterior poderíamos tamén facer que fose o usuario quen decidise que ese bloque sexa visible ou non ou que unicamente se amose en certas páxinas.

Si queremos que un bloque sexa visible para visitantes que non teñen conta de usuario no noso sitio web podemos marcar a opción *anonymous user* para que lle apareza o bloque. De todos xeitos, si non marcamos ningunha das opcións o bloque será visible para todo o mundo, incluídos os visitantes sen conta de usuario.

Nos pasos que vimos hasta agora utilizamos *bloques* xa creados en Drupal e *roles* de usuario xa definidos para configurar a visibilidade deses bloques. Nos próximos capítulos veremos como crear nós os nosos propios *bloques* e os *roles* que desexemos que existan na nosa páxina.

2.2.- Menús


Hasta o de agora traballamos co concepto de *bloques* para configurar a nosa páxina. Ese é o xeito que ten Drupal de traballar, pero realmente o que estamos a ver na nosa páxina cando entramos son *menús*. Por exemplo, na parte superior esquerda (barra lateral esquerda) da nosa páxina podemos ver:



Temos dous *menús* (de feito na barra lateral hai máis, como xa vimos antes, pero eses dous son os primeiros) que nos permiten acceder a páxinas relacionadas co **Centro** ou co **Alumnado**. Pois ben, aínda que se tratan de menús, Drupal converte os *menús* en *bloques* para permitírnos colocalos na zona que nos interese dentro da nosa páxina. É dicir, cando nós creamos un *menú* en Drupal crearase automaticamente un *bloque* asociado a ese *menú* para que poidamos colocalo na zona que queiramos. Vexamos os pasos para facer todo iso.

2.2.1.- Creando un menú

Para crear un menú en Drupal iniciaremos sesión con un usuario con privilexios de administración e iremos ó menú *Administrar* → *Construcción da páxina* → *Menús*:



Unha vez seleccionada esa opción aparecerá a seguinte pantalla:



Nesa páxina escolleremos a opción *Engadir menú* que aparece sinalada na imaxe anterior. Aparecerá unha pantalla coma a seguinte:

Menús

[Lista de menús](#)
Engadir menú
[Opcións](#)

Introduza o nome do menú novo. Recorde activar o bloque novo que se crea na [páxina de administración de bloques](#).

Nome do menú: *

O nome lexíbel pola máquina deste menú. Este texto empregarase para construír a URL da páxina de *resumo do menú* deste menú. Este nome debe conter so minúsculas, números e trazos horizontais, e debe ser único.

Título: *

Descrición:

Nesta páxina unicamente debemos escribir un nome para o menú e o *Título* do mesmo, que será o que apareza logo na páxina principal. O nome do menú debe ser único na páxina e unicamente pode conter minúsculas, números e trazos horizontais. Ó crear un menú deste xeito, Drupal engadirá un novo *bloque* ó noso sitio web co título do menú creado para que poidamos situalo na zona da páxina que nos interese. Por exemplo, creemos un menú chamado *Páxinas interesantes*:

Nome do menú: *

O nome lexíbel pola máquina deste menú. Este texto empregarase para construír a URL da páxina de *resumo do menú* deste menú. Este nome debe conter so minúsculas, números e trazos horizontais, e debe ser único.

Título: *

O campo *Descrición* é opcional. Nel podemos poñer un breve texto que indique a funcionalidade do menú si o desexamos.

Ó premer no botón *Gardar* aparécenos de xeito automático a páxina para engadir novos elementos a ese menú:

Páxinas interesantes

Lista de elementos
[Engadir elemento](#)
[Editar menú](#)

Para reordenar elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna do *Elemento de menú* e arrastre os elementos (ou grupo de elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga clic no botón *Gardar configuración* ó final da páxina.

Non hai inda elementos no menú.

2.2.2.- Engadindo elementos ó menú

Para engadir elementos ó menú na páxina que nos aparece podemos seleccionar a opción *Engadir elemento*:




Páxinas interesantes

Lista de elementos Engadir elemento Editar menú

Para reordear elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna do *Elemento de menú* e arrastre os elementos (ou grupo de elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga clic no botón *Gardar configuración* ó final da páxina.

Non hai inda elementos no menú.

Prememos nesa opción e aparece a seguinte páxina:



Páxinas interesantes

Lista de elementos Engadir elemento Editar menú

Opcións do menú

Ruta: *


A ruta coa que liga esta opción de menú. Pode ser unha ruta interna de Drupal como *node/add* ou unha URL externa como *http://drupal.org*. Introduza *<front>* para ligar coa páxina principal.

Título da ligazón do menú: *

O texto da ligazón correspondente a este elemento que aparecerá no menú.

Descrición:

A descrición que se amosa cando se pasa por enriba dun elemento do menú.



Activado

Os elementos de menú que non estén activados non aparecerán en ningún menú.

Expandido

Se está seleccionado e este menú ten fillos, o menú sempre aparece expandido.

Elemento pai:


A máxima profundidade para un elemento e todos os seus fillos está fixa en 9. Algúns elementos do menú pode que non estén dispoñíbeis como pai se ao seleccionalos se excede este límite.

Peso:

Opcional. No menú, os elementos pesados afúndense e os lixeiros flotan cara a zona superior.

Nesa pantalla vemos que podemos escribir un título para ese elemento do menú, unha descrición do mesmo e unha ruta. Esa ruta pode ser a ruta dun *nodo* do noso sitio web (os *nodos* en Drupal refírense a todos os elementos do noso sitio que teñen algún tipo de contido, como xa veremos máis adiante) ou unha páxina web externa. No noso caso, como o menú trata exactamente sobre *páxinas interesantes* será unha *url* dunha páxina externa.

Por outra banda, a opción de *Expandido* refírese a que si este menú vai a ter *fillos* aparecerá sempre aberto, de xeito que os *fillos* se vexan visibles. En caso de non marcalo aparecerá ó lado do menú unha frecha para indicar que o menú ten *fillos* pero non os amosará. Como exemplo podemos ver no menú *Departamentos* algúns elementos de menú que teñen *fillos* pero non os amosan:



No noso caso non marcaremos a opción, aínda que non pensamos en principio crear *fillos* neste menú.

A opción *Elemento pai* refírese ó menú do que vai a colgar este elemento (realmente este elemento é un elemento *fillo* do menú que escollamos nesa opción). Neste caso xa aparece porto o menú *Páxinas interesantes*, pero si quixésemos que este elemento fose un *fillo* doutro elemento de menú non teríamos máis que escollelo aquí.

Si temos varios elementos de menú nun mesmo menú poderemos ordenalos como queiramos usando os *pesos*. Os menús con máis *Peso* afundiranse no menú e aparecerán na parte inferior, mentres que os menús con menos *Peso* flotarán e aparecerán na parte superior.

Cubrimos entón as opcións desexadas para o noso novo elemento de menú:

Ruta: *

A ruta coa que liga esta opción de menú. Pode ser unha ruta interna de Drupal como *node/add* ou unha URL externa como *http://drupal.org*. Introduza *<front>* para ligar coa páxina principal.

Título da ligazón do menú: *

O texto da ligazón correspondente a este elemento que aparecerá no menú.

Ó premer no botón *Gardar* crearemos ese elemento do menú:

Páxinas interesantes

[Lista de elementos](#) [Engadir elemento](#) [Editar menú](#)

Para reordear elementos de menú, tome un manexador de arrastrar-soltar baixo a columna do *Elemento de menú* e arrastre os elementos (ou grupo de elementos) á súa nova localización na lista. Lembre que os cambios non se gardarán mentres non faga clic no botón *Gardar configuración* ó final da páxina.

Elemento do menú	Activado	Expandido	Operacións
 Wikipedia en Galego	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	editar borrar

[Garda-la configuración](#)

Podemos engadir todos os menús que desexemos. Unha vez rematado prememos en *Garda-la configuración*. Premendo agora en *Menú* na parte superior volveremos a páxina principal de menús:

[Inicio](#) > [Administrar](#) > [Construcción da páxina](#) > [Menús](#)

Páxinas interesantes

[Lista de elementos](#) [Engadir elemento](#) [Editar menú](#)

No que se amosan todos os menús creados na nosa páxina:

[Inicio](#) > [Administrar](#) > [Construcción da páxina](#)


Menús

[Lista de menús](#) [Engadir menú](#) [Opcións](#)

Os menús son unha colección de ligazóns (elementos de menú) usadas para navegar por unha páxina web. Os menús dispoñíbeis actualmente no seu sitio móstranse a seguir. Seleccione o menú desta lista para a xestión dos seus elementos de menú.

- [Actividades](#)
- [Alumnado](#)
- [Biblioteca](#)

Na parte inferior vemos o menú creado:



Sen embargo, na páxina principal non vemos que apareza ese menú por ningún lado:

The screenshot shows the homepage of IES Maximino Romero de Lema. The header includes navigation links: Aula Virtual, Galería de Imaxes, espazoAbalar, Portal educativo, and Correo-e. The main content area has a 'Benvida' section with a photo of the school and a welcome message. Below it is a news item titled 'Nuria Vilariño Lema premiada no certame Ciencia que Conta 2013' with a photo of the student and her award. The left sidebar contains several menu categories: O Centro (with sub-items like Localización, Oferta educativa, etc.), Profesorado, Alumnado, Pais/Nais, and Biblioteca. The right sidebar features social media icons, an 'Eventos' calendar for January 2014, and 'Actividades' and 'Departamentos' sections.

Vexamos como facer que se amose ese menú.

2.2.3.- Configurando o bloque asociado ó menú

Lembremos que o que se amosa na páxina principal son *bloques*, aínda que nós os vexamos coma menús. Por iso, para poder facer visible o menú que acabamos de crear, debemos ir á páxina de administración de *bloques* que xa coñecemos de antes e buscar o bloque que se creou de xeito automático. Será sinxelo atopalo xa que terá o mesmo nome que o menú que creamos:

Desactivado		
+	Page Navigation (Paging)	<ningún> configurar
+	Attached images	<ningún> configurar
+	Páxinas interesantes*	<ningún> configurar
+	Formulario de busca	<ningún> configurar

Vemos que por defecto aparece no apartado de *bloques desactivados*. O que debemos facer para amosalo é move-lo a algunha das zonas visibles da páxina. Escollemos, por exemplo, a zona *lateral dereita*:

Barra lateral dereita		
+	Páxinas interesantes*	Barra lateral dereita configurar

Dentro desa barra colocaremos o menú entre o calendario e as actividades, por exemplo:

Barra lateral dereita		
+	Contacto	Barra lateral dereita configurar borrar
+	Calendar to browse events.	Barra lateral dereita configurar
+	Páxinas interesantes*	Barra lateral dereita configurar
+	Actividades	Barra lateral dereita configurar

Ó premer no botón *Garda-los bloques* veremos o noso menú na páxina principal:

Eventos

« Xaneiro 2014 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Páxinas interesantes


- [Wikipedia en Galego](#)

Actividades


2.2.4.- Os enlaces primarios e secundarios

Os menús vistos antes son os que nos creamos para configurar o aspecto da nosa páxina e ofrecerlle ós visitantes formas rápidas de acceder a contidos dentro no noso sitio web ou noutros sitios (coma no exemplo anterior). Pero, a parte dos menús que creamos seguindo os pasos anteriores (e que crearemos posteriormente seguindo outros pasos diferentes), Drupal ofrece dous menús xa creados de xeito automático por nos. Trátanse dos *enlaces primarios* e dos *enlaces secundarios*. Estes menús poderemos velos normalmente na zona da cabeceira da nosa páxina, pero dependerá da *plantilla* que esteamos a usar (xa veremos máis adiante o que son as *plantillas*).

No caso da nosa páxina, os enlaces primarios e secundarios podémolos ver na zona dereita da cabeceira:



Si quixésemos editar eses menús para, por exemplo, engadir algunha nova opción, non teríamos máis que ir á configuración do menú tal e como fixemos antes e buscar eses menús:



Unha vez atopados vemos que podemos editar os elementos xa existentes ou engadir elementos novos si o desexamos do mesmo xeito que nos menús que creamos antes.

3.- Creando contidos

Unha vez que vimos como configurar as barras laterais da nosa páxina colocando *bloques* nelas, pasemos a engadir os contidos que queremos que os visitantes vexan cando nos visitan.

3.1.- Tipos de contidos

Cando accedemos a Drupal con un usuario rexistrado no sistema e con permisos de publicación veremos que se nos activa un menú de navegación con varias opcións (dependendo dos privilexios que teñamos con ese usuario):



No caso anterior accedemos co usuario administrador, polo que veremos o menú de *Administrar* que xa usamos antes. Pero ademais dese menú vemos outro que pon *Crear contido*. Si accedemos con un usuario que teña perfil de *profesor*, por exemplo, tamén teremos habilitado ese menú, aínda que con menos opcións:



Premendo nese menú apareceranos unha pantalla onde seleccionaremos o tipo de contido que queremos inserir:

Crear contido
 Escolla o elemento apropiado na lista:

Book page
 A book is a collaborative writing effort: users can collaborate writing the pages of the book, positioning the pages in the right order, and reviewing or modifying pages previously written. So when you have some information to share or when you read a page of the book and you didn't like it, or if you think a certain page could have been written better, you can do something about it.

Enquisa
 Unha enquisa é unha pregunta de selección múltiple na que os usuarios poden votar.

Event
 An event is a story which can be given a start and end date, thus appearing in the events calendar.

Forum topic
 Crea un tema de debate novo nos foros.


Image
 An image (with thumbnail). This is ideal for publishing photographs or screenshots.

Páxina
 Se quere engadir unha páxina estática, como unha páxina con información de contacto ou con información sobre os autores, use unha páxina.

Story
 As "historias" son artigos na súa forma máis sinxela: teñen un título, un resumo, e un corpo principal, pero outros módulos pódennas extender. O resumo é parte do corpo, tamén. As historias pódense usar como un blog persoal, ou para noticias.

Webform
 Create a new form or questionnaire accessible to users. Submission results and statistics are recorded and accessible to privileged users.

Ademais de ver iso na parte central da nosa páxina tamén veremos que no menú nos aparecen as posibles opcións para a creación de contidos:



Vexamos as diferencias básicas entre cada un dese tipos de contidos.

- **Páxina:** Utilizáremola cando queiramos inserir un contido que consista nunha páxina estática. Podemos utilizala para crear unha entrada breve, unha folla de contactos (con información, por exemplo, dos membros dun Departamento) ou calquera outro contido sinxelo que queiramos engadir de xeito rápido.
- **Story:** Son artigos sinxelos. De feito, no noso sitio Web son similares ás páxinas. Terán un título, un resumo e un corpo principal. Pódese aumentar a súa funcionalidade con *módulos* que instalemos en Drupal. Normalmente usaremos este tipo de contido ou o de **Páxina** para crear entradas sinxelas, aínda que existen algunhas pequenas diferencias. Por exemplo, nas opcións por defecto de Drupal unha **Páxina** non inclúe información de autor nin comentarios, mentres unha **Story** sí. De todos xeitos pódense configurar para que se comporten exactamente igual, polo que os axustaremos como máis nos conveña para o noso sitio (de feito, no noso sitio web, como veremos máis adiante, están configuradas de xeito distinto, xa que a **Story** xera automaticamente un evento no calendario mentres que a páxina non).
- **Book page:** Un libro é un tipo de contido colaborativo onde varios usuarios poden engadir ou editar páxinas ó mesmo, permitindo dese xeito publicar contidos entre varios autores (aínda que os pode crear un só autor). Segundo imos engadindo páxinas ó libro irase creando un índice para poder acceder a elas. Podemos pensar nun libro coma nun conxunto de contidos de tipo **Páxina** agrupados por un índice.
- **Evento:** É un contido no que definiremos unhas datas de inicio e fin e crearase unha entrada no calendario de eventos coa información introducida.
- **Enquisa:** É unha pregunta que nos presenta varias opcións a escoller para que os usuarios voten.
- **Forum topic:** serve para crear un novo tema de debate nos foros.
- **Image:** Permite publicar imaxes.
- **Webform:** Serve para crear cuestionarios que os usuarios poden cubrir e enviar. Podemos recibir os resultados nunha conta de correo electrónico, por exemplo.

Se ben os anteriores son os tipos que nos presenta Drupal para a creación de contidos o administrador pode limitar o uso deses tipos ós *roles* que desexe. Podemos facer, por exemplo, que

os profesores poidan crear contidos de tipo **Páxina** e **Evento** pero que non poida usar os outros, poñamos por caso.

3.2.- Administrando o acceso ós tipos de contido

Como dixemos antes, un usuario administrador pode limitar que tipos de contido pode usar un usuario na nosa páxina. No exemplo da nosa páxina temos creados uns *roles* de usuario que xa vimos anteriormente (no apartado 2.1.2). Pos ben, fagamos que os usuarios de tipo *Superprofe* (que, como xa dixemos son profesores con uns permisos engadidos) poidan crear contidos de tipo **Páxina**, **Story**, e **Event**. Para iso iremos ó menú *Administrar* → *Mantenemento de usuarios* e seleccionamos a opción *Permisos*. Aparecerá a seguinte pantalla:

Inicio > Administrar > Mantenemento de usuarios

Permisos


Os permisos permítenlle controlar qué é o que poden facer os usuarios no seu sitio. Cada rol de usuario (definido na [páxina de roles de usuarios](#)) ten o seu propio conxunto de permisos. Por exemplo, pódelle dar ós usuarios clasificados como "Administradores" o permiso para "administrar nodos" e negársello ós usuarios ordinarios, os usuarios "autenticados". Pode empregar os permisos para mostrar as características novas ós usuarios privilexiados (por exemplo, a os que estén suscritos). Os permisos tamén permiten compartir cos usuarios de confianza a carga de administración que supón un sitio con moito tráfico.

Permiso	usuario/a anónimo/a	usuario autenticado	administrador	Alumno
advanced_help módulo				
view				
advanced help	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
index				

Nesa páxina marcamos os permisos que desexamos para cada un dos *Roles* que teñamos creados:

Permiso	usuario/a anónimo/a	usuario autenticado	administrador	Alumno	Pai-Nai	Profe	Superprofe
create book content	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
create evento content	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
create page content	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
create plantilla content	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
create story content	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Unha vez activadas esas opcións si iniciamos sesión con un usuario co perfil indicado (por exemplo un usuario co rol de *Profe*) veremos que ten a posibilidade de engadir contidos dos tipos marcados:




Vexamos agora como iremos engadindo algún contido na nosa páxina.

3.3.- Engadindo contidos


Para esta parte do manual accederemos con un usuario con privilexios de administración, dese xeito veremos todas as opcións que nos ofrece Drupal para a publicación de contidos. Algunhas desas opcións podemos logo marcalas coma opcións por defecto para que se apliquen sempre e outras opcións debemos activalas usando un usuario administrador.

3.3.1.- Engadindo unha Páxina

Comecemos por engadir unha páxina. Si prememos en *Crear contido* → *Páxina* aparecerá a seguinte pantalla:



Vemos que podemos escribir un título e seleccionar os menús da nosa páxina desde os que imos a ter acceso a este novo contido. Xusto debaixo temos o editor para crear o contido da entrada:



En resumo, vemos que temos que poñer un *Título* para a páxina e introduciremos un texto no apartado que pon *Corpo*, xusto no editor de texto que nos aparece. Por outra banda, normalmente asignaremos esta páxina a algunha *Categoría*, de xeito que quede publicada no menú da mesma. Desta forma, cando un visitante entre na nosa páxina e faga *click* na categoría elixida poderá ver o noso contido.

Para o noso exemplo publicaremos unha pequena entrada de tipo *Páxina* dentro da categoría *Profesorado* na entrada marcada coma *Novas profesorado*.

Cubriremos entón os campos necesarios para facelo:

A screenshot of the "Crear Páxina" form in Drupal. The form has a title "Crear Páxina" and a red box around the "Título: *" field, which contains the text "Páxina de proba". Below the title field is a section for "Vocabularios" with several dropdown menus: "Normalización Lingüística:", "O Centro:", "Histórico:", "Departamentos:", "Biblioteca:", "Pais/Nais:", and "Profesorado:". The "Profesorado:" dropdown menu is selected with "Novas Profesorado" and has a red arrow pointing to it.


Podemos ver na imaxe anterior os campos que tivemos que cubrir ou modificar. Unha vez feitos ese cambios podemos ir á parte de abaixo da páxina e veremos que temos un botón para facer unha *Vista previa* da entrada (ver como vai a quedar unha vez publicada) ou para *Gardar* a entrada (publicala). Tamén vemos outras opcións que poderemos axustar:



A screenshot of a Drupal form showing a list of expandable sections. Each section is preceded by a minus sign and a right-pointing arrow. The sections are: 'Opcións do menú', 'Opcións de comentarios', 'Axustes de ruta URL', 'Ficheiros adxuntos', 'Scheduling options', 'Información do autor', and 'Opcións de publicación'. At the bottom of the form are two buttons: 'Vista previa' and 'Enviar'.

Esas opcións son as que dixemos antes que se nos presentan si entramos con un usuario con privilexios de administración. En caso de entrar con outro tipo de usuario as opcións serán menos, polo que habería cousas que non poderíamos facer.

As únicas opcións que veremos polo de agora serán as *Opcións de publicación*. Se prememos nesa opción aparecerá o seguinte:




A screenshot of the 'Opcións de publicación' form. It shows three checkboxes: 'Publicado' (checked), 'Promocionado á páxina principal' (unchecked), and 'Pegañoso no comezo das listas' (unchecked).


Como vemos, a nosa entrada será publicada. Si quixésemos que, a parte de publicarse baixo a categoría *Profesorado* na opción de *Taboleiro* aparecese na páxina principal unicamente deberíamos marcar a segunda opción: *Promocionado á páxina principal*. Neste exemplo deixaremos sen marcala. A opción *Pegañoso no comezo das listas* fai que esta entrada apareza sempre na parte superior da páxina, aínda que creemos posteriormente novas entradas (as novas iranse situando debaixo desta). Esta última opción serve para facer unha entrada de *Benvida*, por exemplo, que queremos que sempre sexa visible na parte superior da páxina:




Volvendo á páxina que estamos a crear, escribimos algún texto nela:



Prememos en *Gardar* e vemos a seguinte páxina:




Podemos ver que o noso contido foi creado. Na barra de direccións do noso navegador podemos ver a ruta que deberemos usar para acceder a este contido:




De todos xeitos, como este contido foi asignado a unha categoría os usuarios que visiten a nosa páxina poderán velo si entran nesa categoría (lembramos que a puxemos dentro de

Profesorado → Novas profesorado:



Ó premer nese enlace aparecerá o seguinte:



3.3.2.- Engadindo un contido Story

Como xa dixemos antes, os contidos de tipo *Páxina* e *Story* son similares. Na nosa páxina a única diferenza que veremos ó crear un contido de tipo *Story* será que lle podemos definir unhas datas de inicio e fin e, ademais de crear o contido, crearase un *evento* co calendario con ese contido.

No *menú de navegación* escolleremos a opción de *Crear contido* → *Story* e aparecerá unha pantalla similar á que aparecía no caso da creación da páxina. A diferenza que podemos ver é que na parte superior nos aparecen uns elementos para elixir unhas datas de inicio e fin:

 A screenshot of the 'Eventos' form in Drupal. It features two checked checkboxes: 'Event has time' and 'Event has end date'. Below the first checkbox, there is a text prompt: 'Is time important for this event? Uncheck if event takes all day.' Under 'Event has time', there are five input fields for the start date: '24', 'Xaneiro', '2014', '17', and '00'. Below 'Event has end date', there is a text prompt: 'Check if you want to specify an end date for this event, then choose end date below.' Under 'Event has end date', there are five input fields for the end date: '24', 'Xaneiro', '2014', '19', and '00'.

Podemos definir unhas datas de inicio e fin (no exemplo definimos como data o día 24 de Xaneiro entre as 17:00 e as 19:00 horas).

O resto dos campos cubriremos exactamente do mesmo xeito que fixemos no caso da creación da páxina:

Crear Story

Título: *
Story de proba

▽ Vocabularios

Normalización Lingüística:
- Ningún seleccionado - ▾

O Centro:
- Ningún seleccionado - ▾

Histórico:
- Ningún seleccionado - ▾

Departamentos:
- Ningún seleccionado - ▾

Biblioteca:
- Ningún seleccionado - ▾

Pais/Nais:
- Ningún seleccionado - ▾

Profesorado:
Novas Profesorado ▾

Corpo:



Estilos ▾

Story de probas para novas de profesorado|

Unha vez feito isto prememos no botón *Gardar* e vemos que se publicou o noso contido:

Story de proba [Ver](#) [Editar](#) [Fora de liña](#) [Seguimento](#)

Creouse Story Story de proba.

Start: 24/01/2014 17:00
 End: 24/01/2014 19:00
 Timezone: Europe/Madrid
 Story de probas para novas de profesorado

[Engadir novo comentario.](#) [Calendario](#) [Novas Profesorado](#)

Por outra banda, si agora miramos no calendario do noso sitio web veremos que a data do 24 de Xaneiro aparece remarcada:

Eventos

<< Xaneiro 2014 >>

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Si prememos nela aparecerá a seguinte pantalla:

Inicio > Eventos

Eventos

(all)
 Select event terms to filter by

(all)
 Select event type to filter by

[Mes](#) [Week](#) [Táboa](#) [Lista](#)

<< Venres Xaneiro 24, 2014 >>

Ven


(story)
Story de proba
 Start: 24/01/2014 17:00
 End: 24/01/2014 19:00
 Story de probas para novas de profesorado

Vemos que agora a páxina de creación é algo máis sinxela (non temos *categorías* para indicar onde se vai a publicar a entrada, xa que esta entrada unicamente aparecerá no calendario de eventos).


Igual que antes, definimos o comezo e final do evento, escribimos un título para o mesmo e un corpo principal no editor de textos. Cando lle demos a *Gardar* ese evento publicárase no noso calendario e os usuarios poderán ver a data remarcada e acceder a ela para obter máis información do evento.

3.3.4.- Engadindo contidos multimedia (vídeos, imaxes, ...)


Para inserir imaxes ou vídeos propios (a partires dun ficheiro que temos no noso ordenador) na nosa páxina crearemos un contido de xeito normal (unha *Páxina* ou *Story* como vimos antes). Introducimos o título e seleccionamos as seccións onde queremos que apareza (onde pon *Vocabularios*) e empezamos a editar o contido:




Na imaxe anterior podemos ver os botóns que temos que utilizar para inserir unha imaxe ou un ficheiro de son/vídeo. Vexamos como inserir unha imaxe que temos no noso PC. Premeremos no botón indicado arriba para inserir unha imaxe e aparecerá a seguinte pantalla:




Prememos no botón indicado na imaxe anterior e aparecerá a seguinte pantalla:




Pulsamos no botón indicado na imaxe anterior para subir a imaxe do noso PC á web. Aparecerá unha pantalla para seleccionar o ficheiro no noso PC:




Prememos en *Examinar*, buscamos o ficheiro e, despois de seleccionalo, prememos no botón *Subir* para cargalo na páxina. Unha vez subida seleccionámola e veremos algo parecido ó seguinte:




Prememos agora no botón *Insert file* indicado na imaxe anterior e xa poderemos ver a imaxe lista para engadir no noso contido:




Agora podemos poñer unha descrición para a imaxe e, na pestana *Apariencia* poderemos configurar opcións coma o tamaño que desexamos que teña, por exemplo:




Si queremos, na pestana *Avanzado* poderemos configurar imaxes alternativas para cando pasamos o rato por enriba desta, por exemplo:



Esto serviríanos para conseguir certos efectos animados na nosa entrada se o desexamos. Unha vez introducidos todos os datos prememos en *Insertar* e xa aparecerá a imaxe no contido da entrada:



Para inserir un vídeo ou son na nosa páxina os pasos son similares pero utilizando o botón de *son/vídeo* visto antes e seleccionando o formato do mesmo na pantalla que aparece:



3.3.5.- Engadindo contidos externos (Youtube, Maps, ...)

Supoñamos que queremos engadir na nosa páxina algún tipo de contido xerado noutra páxina (un vídeo que temos subido a *YouTube*, un mapa de *Google Maps*, unha presentación de *Prezi*, pases de fotos ou calquera outro contido creado na web). Normalmente, cando creamos contidos con ferramentas web, estas ferramentas inclúen algunha forma de *exportar* eses contidos para *compartilos* dende o noso sitio Web. Cada ferramenta terá os seus propios pasos para realizar esa exportación, así que ver todas as posibilidades é imposible. De todos xeitos eses pasos serán moi similares, de forma que si coñecemos como facelo nunha ferramenta seguramente acabaremos atopando o xeito de facelo en calquera outra.

Vexamos un exemplo de como facelo con un vídeo subido a *YouTube*. O primeiro será localizar o vídeo a subir na páxina de *YouTube*:




Unha vez o temos localizado podemos ver na parte de abaixo do mesmo uns botóns:



O que nos interesa é o botón *Compartir* suliñado na imaxe anterior. Ó premer nel aparecerá o seguinte:




Ese sería o enlace para compartir o vídeo por correo electrónico, por exemplo. Neste caso non é o que desexamos. O que nós queremos é *insertar* o vídeo no noso sitio Web. Para iso prememos no botón *Insertar* sinalado na imaxe anterior e aparecerá o seguinte código:




Vemos que temos a posibilidade de escoller o tamaño do vídeo que imos a poñer na nosa páxina. Simplemente seleccionamos o que máis se axuste ó ancho do nosos sitio e copiamos o código seleccionado (o texto que comenza por *<iframe* e remata en *</iframe>*). Unha vez copiado ese código volvemos á nosa páxina para crear o contido.


Crearemos un contido de xeito normal (escollendo *Paxina* ou *Story*). Unha vez estamos na pantalla de creación de contido poñémoslle un título e seleccionamos onde queremos que apareza colgado como xa fixemos nos exemplos vistos antes. Cando chegamos ó editor de texto é onde temos que facer algo distinto ó feito antes:




Fixémonos que na parte inferior temos un enlace que pon *Desactivar texto enriquecido*. Pois ben, premeremos nese enlace e vemos que cambia o aspecto do editor:



Vemos que agora temos un editor máis sinxelo no que desapareceron os botóns da parte superior. Pois ben, estando neste modo é o que temos que pegar o texto copiado antes:



Unha vez pegado o texto xa podemos premer en *Activar texto enriquecido* e volver ó editor normal:




O recadro amarelo representa o espazo que vai a ocupar o vídeo unha vez gardemos a páxina. A partires de agora continuamos a edición coma se fose unha páxina normal (podemos inserir máis dun contido externo na mesma páxina se o desexamos repetindo os pasos) e ó gardar a páxina poderemos ver o noso vídeo:




3.3.6.- Creando enlaces

Para crear un enlace nun dos nosos contidos de forma que ó facer *click* sobre o mesmo nos leve a outro sitio podemos facelo dende o mesmo editor co que estamos a crear o contido:



Estando no editor mentres creamos o contido podemos seleccionar un texto ou imaxe do mesmo e veremos que se activan uns botóns na barra de ferramentas:



Vemos que temos unha palabra do texto seleccionada e se activaron eses botóns. O primeiro serve para crear un enlace e o segundo para eliminar un enlace que teñamos creado anteriormente. Prememos no botón de crear un novo enlace e aparecerá a seguinte pantalla:

Insertar/editar enlace ✕

Insertar/editar enlace

URL do enlace 📄

Obxectivo

Título


Clase

Insertar
Cancelar

Na primeira caixa de texto introduciremos a *URL* do enlace, é dicir, a páxina que queremos que se abra ó facer *click* nese enlace. En *Obxectivo* podemos indicar si queremos que a páxina destino se abra na mesma pantalla que estamos a usar ó navegar pola páxina do centro (facendo que

se deixe de ver a páxina do centro) ou que se abra nunha pantalla nova, de xeito que sexan visibles as dúas. Elixiremos esta última opción para que o navegador que nos está a visitar non perda de vista a nosa páxina:

Unha vez prememos no botón *Insertar* veremos que o texto que estábamos a introducir presenta un pequeno cambio:




Vemos que a palabra seleccionada agora se converteu nun enlace.

Para converter unha imaxe nun enlace os pasos son similares, unicamente debemos seleccionar a imaxe en lugar do texto para usala coma enlace.

3.3.7.- *Editando ou eliminando un contido*

Unha vez que vimos como crear un contido vexamos como podemos modificalo ou eliminado completamente da nosa páxina.

Accederemos con un usuario con privilexios de administración e entraremos no menú *Administrar* → *Administración do contido*:



Na páxina que aparece escollemos a opción *Contido*:

Administración do contido

Buscar contido
Buscar contido por palabra clave

Categorías
Crea vocabularios e termos para categorizar o contido.

Comentarios
Mostra e edita os comentarios do sitio e a cola de moderación de co

Configuración do artigo
Controla o comportamento do envío, como a longitudine do avance, antes de enviar e o número de envíos na páxina principal.

Contido
Ver, editar e borrar o contido da tua páxina.

Foros

Apareceranos a seguinte pantalla:

Inicio » Administrar » Administración do contido

Contido

Amosar só os elementos nos que

estado é
 tipo
 categoría

Opcións de actualización


Título	Tipo	Autor	Estado	Operacións
<input type="checkbox"/> TABOLEIRO	Páxina	██████████	publicado	editar
<input type="checkbox"/> Entrada de proba	Páxina	admin	publicado	editar

Lembremos que o *Título* da nosa entrada era *Entrada de proba* e que a publicamos coma usuario *admin*. Non teríamos máis que buscala na listaxe de entradas publicadas e na parte dereita da mesma vemos un enlace que nos permite a súa edición para facer as modificacións que desexemos. Se prememos nese botón veremos exactamente a mesma pantalla que cando creamos a entrada e poderemos modificar o que desexemos.

Si o que queremos é borrar a entrada podemos premer tamén no mesmo enlace de *editar*, co que aparecerá a pantalla de edición. Si imos á parte de abaixo da páxina veremos que apareceu un novo botón para borrar a entrada:

Opcións de publicación

Premendo nese botón aparecerá a seguinte pantalla:



Si estamos seguros de que a queremos borrar prememos no botón e borrarase a entrada.

Lembremos que esta acción non se pode desfacer. Unha vez borrada a entrada non se pode recuperar.


4.- Categorías

Si nos fixamos nos exemplos do capítulo anterior, cando publicamos unha **Páxina** ou un contido de tipo **Story**, podemos *catalogar* os contidos dentro dunhas *categorías* (*vocabularios*). E non soamente iso, se non que, ó catalogalos, facemos que sexan accesibles para os visitantes a través dos diferentes *menús* que temos na nosa páxina web. Lembremos que eses *menús* amósanse na nosa páxina web a través dos *bloques* que situamos nas diferentes zonas da nosa páxina tal e como vimos no apartado 2.1.1.

O problema que podemos ter é o seguinte: cando eu publico un novo contido podo asignalo a calquera das *categorías* que teño creadas no meu sitio, pero ¿como podo crear novas categorías para organizar os meus contidos cando os creo e os publico? Vexamos os pasos.

4.1.- Creando unha nova categoría

Para crear unha nova categoría iniciaremos sesión cun usuario que teña privilexios de administración e accederemos ó menú *Administrar* → *Administración do contido*. Dentro dese menú escolleremos a opción *Taxonomía*:




Unha vez seleccionamos esa opción aparecerá a seguinte pantalla:

Categorías		
<input type="button" value="Lista"/> <input type="button" value="Engadir vocabulario"/>		
Ou módulo taxonomy permítelle clasificar o contido en categorías e subcategorías. Permite listas múltiples de categorías para a clasificación (voca- controlados que indican relación entre termos), taxonomías (vocabularios controlados onde as relacións indicanse xerárquicamente) e vocabulario: contido. Para ver e xestionar os termos de cada vocabulario, faga clic no enlace lista de termos asociado. Para eliminar un vocabulario e todos os s		
Nome	Tipo	Operacións
Forums	Forum topic	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Enquisas	Enquisa	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Actividades	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Biblioteca	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Departamentos	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos

Podemos ver unha lista das diferentes *categorías* que xa temos creadas. Na columna **Nome** teremos o nome da categoría, na columna **Tipo** podemos ver a que tipos de contidos se lle aplica esa *categoría*. Isto significa que unicamente poderemos catalogar un contidos dun tipo particular nas *categorías* nas que estea habilitado ese tipo de contido. Podemos ver na imaxe anterior, por exemplo, que os tipos de contido **Paxina** e **Story** poderíamos catalogalos dentro das categorías *Actividades*, *Biblioteca* e *Departamentos*, pero non nas categorías *Forums* e *Enquisas*, xa que nesas non está habilitado ese tipo de contido.

Na columna da dereita, **Operacións**, poderíamos editar o vocabulario ou engadirlle termos. Xa veremos para que serve o de engadirlle termos.

Para engadir unha nova *categoría* premeremos na pestana *Engadir vocabulario* que se pode ver na parte superior da páxina na que estamos:



Aparecerá entón a seguinte pantalla:

Inicio » Administrar » Administración do contido

Categorías

Cando crea un vocabulario controlado, está creando unha serie de termos que se usan para des- historia, etc.) usando un ou moitos destes termos. Para as implementacións sinxelas pode crear categorías.


Nome do vocabulario: *

O nome para este vocabulario. Por exemplo: "Temas"

Descrición:


Nesa pantalla vemos que podemos introducir un nome para o novo vocabulario (*categoría*) e unha breve descrición para o mesmo.

Xusto debaixo desas dúas opcións podemos ver o seguinte:



Na parte de **Tipos de contido** indicamos que tipos de contidos se poderán catalogar nesta *categoría*.

Na parte de abaixo da páxina teremos o seguinte:



A opción *Etiquetas* permite que os diferentes termos do vocabulario se creen no momento de engadir o contido, dándolle máis liberdade ó usuario á hora de catalogar as súas entradas. *Selección múltiple* permite seleccionar máis de un termo do mesmo vocabulario para un contido en particular e *Obrigatorio* faría que os tipos de contido que se poden catalogar con esta categoría deben escoller ó menos un elemento deste vocabulario para catalogalo. Pode ser interesante, por exemplo, si queremos que todos os contidos da nosa páxina estean asignados a un nivel educativo (crearíamos un vocabulario cos distintos niveis e poñeríámolo coma *Obrigatorio*).

Creemos por exemplo o seguinte vocabulario:

Nome do vocabulario: *

O nome deste vocabulario, p.ex., "Etiquetas".

Descrición:

Descrición do vocabulario; pode ser usada polos módulos.

Texto de axuda:

Instruccións a presentar ó usuario cando está a escoller un termo, p.ex., "Introduza unha lista de palabras separadas por comas".

▼ **Tipos de contido**

Tipos de contido:

- Book page
- Enquisa
- Evento
- Forum topic
- Imaxe
- Plantilla
- Páxina
- Story
- Webform

O vocabulario chámase *Niveis* e vai a conter os diferentes cursos que hai no centro. Ímolo a utilizar para poder catalogar os contidos de tipo *Páxina*, *Story* e *Evento*.

Premeremos en *Enviar* e aparecerá o seguinte:

Categorías

[Lista](#) [Engadir vocabulario](#)

Ou módulo taxonomy permítelle clasificar ou contido en categorías e subcategorías. Permite listas múltiples de categorías para a clasificación (vocabularios controlados que indican relación entre termos), taxonomías (vocabularios controlados onde as relacións indicanse xerárquicamente) e vocabularios liberais de contido. Para ver e xestionar os termos de cada vocabulario, faga clic no enlace lista de termos asociado. Para eliminar un vocabulario e todos os seus termos, faga clic no enlace eliminar vocabulario.

Vocabulario *Niveis* creado.

Nome	Tipo	Operacións
Forums	Forum topic	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Enquisas	Enquisa	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Actividades	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Biblioteca	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Departamentos	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Niveis	Event, Páxina, Story	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Normalización Lingüística	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
O Centro	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Pais/Nais	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Profesorado	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Revista A Cidá	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
Alumnado	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos

Vemos como aparece a nosa *categoría* creada. Agora faltaríanos engadir os termos da mesma (os niveis educativos). Para iso prememos en *engadir termos* e veremos o seguinte:

Engadir termo a Niveis [Lista](#) [Engadir termo](#)

▼ **Identificación**

Nome do termo: *

O nome de este término.

Descrición:

Unha descrición para o termo. Será amosada nas páxinas taxonomy/term en nas fontes RSS.

Aquí escribiremos o nome do termo a engadir e, si queremos, unha descrición.


Engadimos un novo termo chamado *1º ESO*:

▼ **Identificación**

Nome do termo: *


O nome de este término.

E prememos en *Gardar*. O termo crearase e seguiremos na mesma pantalla por si queremos engadir termos novos:




Agora crearemos o termo *1º ESO A*, coa particularidade de que este termo estará *colgando* do anterior, xa que é un grupo dentro do nivel xa creado. Para iso podemos ver na parte inferior da páxina un apartado que pon *Opcións avanzadas* onde podemos seleccionar o termo pai do que estamos a crear:

Si seleccionamos *root* indicaremos que queremos que este termo sexa un termo *raíz*, do que logo poden colgar fillos, pero que el non é fillo de ningún outro termo. Se seleccionamos un termo calquera, o que estamos a crear agora converterase en fillo do que seleccionemos. Neste caso seleccionaremos o termo *1º ESO* e premeremos en *Gardar*. Aparecerá a pantalla onde nos indica que se gardou o termo:



Se prememos agora en *Lista* (botón indicado na imaxe anterior) podemos ver como se crearon os dous termos:



Podemos ver tamén como o termo *1º ESO A* “colga” do termo *1º ESO*, indicando que é un fillo do mesmo.

Engadiremos os termos do resto dos niveis educativos. Unha vez engadidos todos os termos si prememos na pestana que pon *Lista* poderemos ver como quedou o noso vocabulario:

Nome	Operacións
+ 1º ESO	editar
+ 1º ESO A	editar
+ 1º ESO B	editar
+ 2º ESO	editar
+ 2º ESO A	editar
+ 2º ESO B	editar
+ 3º ESO	editar
+ 4º ESO	editar

Podemos ver os termos e a xerarquía creada cos mesmos (vemos que 1º e 2º de ESO teñen dous grupos mentres que 3º e 4º non).

4.2.- Usando a categoría para catalogar os contidos

Unha vez creada a nosa categoría vamos a publicar un contido e catalogalo coa mesma para ver o seu funcionamento. Iniciamos sesión con un usuario con privilexios de *profesor* e imos ó menú *Crear contido* → *Páxina*. Poderíamos ver que aparece a nova categoría para catalogar a páxina:

Enviar Páxina

Título: *

▼ **Categorías**

Normalización Lingüística:
- None selected - ▼

Niveis:
- None selected - ▼
- None selected -
1º ESO
-1º ESO A
-1º ESO B
2º ESO
-2º ESO A
-2º ESO B
3º ESO
4º ESO

Editaremos o título e o contido da nosa páxina e catalogarémola na categoría *Nivel* escollendo a opción *3º ESO*, por exemplo (poderíamos catalogala en outras categorías tamén si o desexamos).

Inicio » Crear contido

Enviar Páxina

Título: *
Páxina de proba para 3º de ESO

▼ **Categorías**

Normalización Lingüística:
- None selected - ▼

Niveis:
3º ESO ▼

Departamentos:
- None selected - ▼

Unha vez cubrimos tamén o *Corpo* do contido prememos no botón *Enviar* para publicar a nosa páxina:

Inicio

Páxina de proba para 3º de ESO


[Ver](#) [Editar](#)

O *Páxina* foi creado.

3º ESO

Esta é unha páxina de proba para 3º de ESO

A páxina foi creada e a dirección para acceder a ela podémola ver na barra de direccións do navegador:



Hasta aquí todo correcto. Pero, ¿que sucede cando un visitante chega á nosa páxina e quere ver os contidos que temos publicados? O que lle aparecerá será a páxina principal do noso sitio, onde estarán publicados os contidos que se seleccionaron para promocionar á páxina principal. Para acceder ós demais contidos o visitante poderá facer uso dos *menús* de navegación que ten a ambos lados da páxina. Lembremos que eses *menús* os configuramos antes facendo uso dos *bloques*.

Entón, o visitante que chega ó noso sitio verá o seguinte:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Maximino Romero de Lema

Contidos | Portal educativo | SEM Correo
Aula virtual | Galerías

O Centro

- Localización
- Oferta educativa
- Secretaría
- Dependencias
- Organigrama

Alumnado

- Taboleiro

Pais/Nais

- Actividades
- APA
- Novas

Actividades

- Complementarias
- Extraescolares

Biblioteca

- Animación á lectura
- Recomendámosche

Blogs do centro

- Antropoloxía 1º BAC
- Biblioteca
- Club de Lectura
- Proxecto Interdisciplinar
- Blog Abalar

Revista A Cidá

- Revista a Cidá

Iniciar sesión

Nome de usuario: *

Benvida

Benvid@s ao portal do IES Maximino Romero de Lema, esperamos que tanto o profesorado como o alumnado vos sintades como na vosa casa. Dádevos por invitados a formar parte deste proxecto de Instituto Virtual, contamos ca vosa colaboración para que pronto sexa un lugar de encontro entre tod@s.

Visita á Domus do I.E.S. Maximino Romero de Lema
Extraescolares

Eventos

« Marzo 2012

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Departamentos

- ▶ Ciencias da Natureza
- ▶ Ciencias Sociais
- Debuxo
- Economía
- Educación Física
- Filosofía
- Francés
- Física e química
- ▶ Informática
- ▶ Inglés
- Latín e Grego
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Matemáticas
- Música
- Orientación
- Relixión Católica
- ▶ Tecnoloxía

Normalización Lingüística

- Normalización
- Actividades

Aquí podemos ver o problema. ¿Como fará o visitante para acceder ós contidos catalogados baixo a categoría *Nivel* e ver así os correspondentes a *3º ESO*? En principio debería poñer a dirección directa do contido (a que temos na páxina anterior), pero esa non é unha opción viable, xa que os visitantes non teñen porque coñecela. Drupal permite usar *urls* máis sinxelas para acceder ós contidos, pero tampouco sería a solución idónea.

A solución que imos usar aquí é a de crear un novo *menú* chamado *Niveis* do que colgarán os diferentes cursos para que os visitantes poidan acceder ós contidos relacionados cos mesmos. Lembremos que, ó crear un *menú* de xeito manual, Drupal xeraba un *bloque* asociado a ese *menú* (ver o apartado 2.2). Logo nese menú deberíamos engadir elementos cos nomes dos termos usados na categoría (os diferentes cursos) e enlazalos coa *url* deses termos (que podemos obter entrando no menú *Administrar* → *Administración do contido* → *Categorías*, indo ó enlace *Lista de termos*:

Departamentos	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, webform	editar vocabulario	lista de termos	engadir termo
Niveis	Event, Páxina, Story	editar vocabulario	lista de termos	engadir termo
Normalización Lingüística	Book page, Forum topic, Image, Páxina, Enquisa, Story, Webform	editar vocabulario	lista de termos	engadir termo

Aparecerá a seguinte pantalla:

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Administración do contido](#) » [Categorías](#)

Niveis

[Lista](#) [Engadir termo](#)

Nome	Operacións
1º ESO	editar
-- 1º ESO A	editar
-- 1º ESO B	editar
2º ESO	editar
-- 2º ESO A	editar
-- 2º ESO B	editar
3º ESO	editar
4º ESO	editar

Se prememos en calquera dos nomes da lista (por exemplo, en *3º ESO*) accederemos a esa sección da nosa páxina:

www.edu.xunta.es/centros/iesmaximinoromerodelema/taxonomy/term/99

UNTA DE GALICIA
SELLERÍA DE EDUCACIÓN
DENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Maximino Romero de Lema

[Inicio](#)

[Páxina de proba para 3º de ESO](#)

[Engadir novo comentario.](#)

Inicio

3º ESO

Páxina de proba para 3º de ESO

3º ESO


Esta é unha páxina de proba para 3º de ESO

Vemos o contido que temos publicado nesa sección. A *url* que temos na barra de direccións será a que teremos que poñer coma destino do elemento do menú creado.


Os pasos anteriores teremos que facelos para *cada un* dos elementos do menú *Nivel* que fagamos. O problema que ten iso é que, a parte de supoñer traballo, fai que si algún día decidimos aumentar os termos da categoría *Nivel* debemos lembrarnos tamén de engadir manualmente os novos elementos ó *menú*. Para evitar todo este traballo Drupal permite crear de xeito automático *menús* a partir de *categorías*.

4.3.- Creando menús a partir das categorías

O que queremos no exemplo que estamos a seguir é que os visitantes teñan un *menú* na nosa páxina asociado á categoría *Nivel*, de xeito que poidan acceder ós contidos dos distintos niveis a través del. Queremos crear ese *menú* e que se amose na páxina, pero na páxina unicamente colocamos *bloques*. O funcionamento de Drupal ó crear un menú e amosalo na páxina é o seguinte:



Os pasos para facer todo o anterior xa os vimos no apartado 2.2 deste manual. O que queremos conseguir agora é o seguinte:



Os pasos de xerar o menú e xerar o bloque (os dous do medio) queremos que sexan automáticos (que os faga Drupal por nós) ou polo menos que requiran a mínima intervención da nosa parte. Ademais, queremos que si engadimos un novo termo á *categoría* apareza de xeito inmediato, e sen que teñamos que facer nada, o elemento de *menú* asociado.

Para conseguir iso volvemos ó menú *Administrar* → *Administración do contido* → *Taxonomías* e buscamos a nosa categoría *Niveis*:



Pulsamos agora en *Editar vocabulario* e apareceranos a mesma pantalla que vimos no momento da creación da categoría:


Avanzando un pouco na páxina vemos un apartado que pon *Taxonomy menu*:

En *Menu Location* debemos indicar onde queremos que apareza este menú (podemos poñelo dentro doutro si o desexamos). Neste caso queremos que apareza un menú na nosa páxina chamado *Niveis* e dentro del aparezan todos os niveis definidos na categoría que acabamos de crear. Como ese menú non está creado no aparece para seleccionar, así que debemos crealo manualmente.

4.3.1.- Creación dun bloque para o menú

Para crear un bloque que poidamos colocar na nosa páxina a partires dun menú seguiremos os pasos vistos no apartado 2.2.1 para crear un menú. Si nos lembramos, ó crear un menú seguindo eses pasos xérase de xeito automático un bloque para ese menú.


Entramos no menú *Administrar* → *Construcción da páxina* → *Menús* e escollemos a opción *Engadir menú*:



Escribiremos o nome do noso menú (neste caso *Niveis*), lembrando que no apartado *Nome do menú* unicamente poderemos escribir minúsculas. No apartado *Título* escribiremos o texto que se vai a amosar na páxina web:

E gardaremos directamente o menú. Non imos a crear elementos dentro deste menú xa que o que queremos é que se creen de xeito automático a partir dos elementos da categoría.

Volvemos á páxina de *Editar vocabulario* da nosa categoría (ou *taxonomía*) e agora en *Taxonomy menu* debemos ver o nome do menú que acabamos de crear para seleccionar:



Seleccionamos ese nome no listado. Por outra banda, en *Menu path type* escollemos a opción *Por defecto*:

▼ Taxonomy menu

Menu location:

The menu and parent under which to insert taxonomy menu items.

Menu path type:

The path will be taxonomy/term/tid if *Default* has been selected.
 The menu path will be passed through drupal_get_path_alias() function so all aliases

Unha vez feitos os pasos anteriores gardamos os cambios e xa estará listo. Para probar que funcionou iremos a *Administrar* → *Construcción da páxina* → *Bloques* e buscamos o bloque co nome *Niveis* (o bloque que se creou de xeito automático ó crear o menú):

for node type evento.	<input type="text" value="<ningún>"/>	configurar
⊕ Niveis	<input type="text" value="<ningún>"/>	configurar
⊕ Temas activos	<input type="text" value="<ningún>"/>	configurar

Vemos que non está asociado a ningunha posición na pantalla. Escollemos que queremos velo na parte dereita da páxina, por exemplo:

Barra lateral dereita		
⊕ Contacto	<input type="text" value="Barra lateral dereita"/>	configurar borrar
⊕ Calendar to browse events.	<input type="text" value="Barra lateral dereita"/>	configurar
⊕ Actividades	<input type="text" value="Barra lateral dereita"/>	configurar
⊕ Niveis*	<input type="text" value="Barra lateral dereita"/>	configurar
⊕ Departamentos	<input type="text" value="Barra lateral dereita"/>	configurar

Neste caso puxémolo entre os menús de *Actividades* de *Departamentos*. Salvamos os cambios e vemos o resultado:

					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28		

3 de Febreiro pásate pola **Biblioteca**
desfruta do **Teatro Radifónico** que
Grupo de Teatro do IES Maximino
la.

Anímate e participa!!

[Taboleiro de Novas](#) [Novas Alumnado](#)

a ESO organiza un **Xantar de Entroido**
o **venres 28 de Febreiro** a partir das
Mercado as vagas entradas canto antes!!

Actividades

- Complementarias
- Extraescolares

Niveis

- ▼ Niveis
 - ▼ 1º ESO
 - 1º ESO A
 - 1º ESO B
 - ▼ 2º ESO
 - 2º ESO A
 - 2º ESO B
 - 3º ESO
 - 4º ESO

Departamentos

- ▷ Ciencias Sociais
- ▷ Ciencias da Natureza

Vemos que o menú aparece expandido amosando todas as opcións. Si queremos que non sexa así e apareza sen despregar para ocupar menos espazo unicamente debemos desmarcar a opción *Auto expand menu items* na páxina de edición do vocabulario en *Administrar* → *Administración do contido* → *Taxonomías*:

Auto expand menu items
 Automatically show all menu items as expanded.

5.- Temas

Unha vez que temos visto como engadir os tipos de contidos básicos e como configurar un pouco o aspecto da nosa páxina (xogando coa posición dos *bloques* e a creación dos diferentes *menús*), vexamos agora como modificar o aspecto visual do nos sitio web usando os *Temas*.

Os *temas* ou *plantillas* en Drupal definen como e vai a visualizar o noso sitio web, podendo cambiar os aspecto dos menús (tamaño, tipo de letra, ...), a cabeceira, as cores e outros aspectos da páxina.

No noso sitio web temos xa instalados unha ser de *temas* que poderemos usar con Drupal. Poderemos cambiar o *tema por defecto*, de xeito que todos os usuarios se vexan afectados polos

cambios, ou podemos facer que cada usuario rexistrado no noso sitio web poida decidir usar un tema distinto do usado por defecto, para *personalizar* dalgún xeito o seu *perfil de usuario*.






Para acceder á configuración dos *temas* iremos ó menú de *administración* e escolleremos a opción *Construcción da páxina* → *Plantillas*. Unha vez entremos nesa opción poderemos ver un listado de todas as *plantillas* que temos instaladas no noso sitio, podendo ver unha pequena imaxe de como quedaría a nosa páxina si aplicásemos ese *tema*. A pantalla que podemos ver será algo coma o seguinte:

Inicio » Administrar » Construcción da páxina

Plantillas

[Lista](#) [Configurar](#)

Seleccione qué temas están dispoñibles para os seus usuarios e indique o tema predefinido. Para configurar as opcións de visualización un tema en concreto, facendo clic na ligazón "configurar" do tema correspondente. Teña en conta que os distintos temas poden ter disp consistencia no que ven os seus usuarios, active só un tema.

Captura de pantalla	Nome	Activado	Por defecto	Operacións
	B7 Brown: themes/b7/B7 Brown	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	
	B7 Green: themes/b7/B7 Green	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	
	Internet_Corporation: themes/Internet_Corporation	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	
	MyDrupal-Tidy: themes/MyDrupal-Tidy	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	
	MyDrupal_Impact: themes/MyDrupal_Impact	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	






Podemos ver para cada *tema* unha captura de pantalla, o nome do mesmo e dúas columnas nas que podemos marcar o tema para usalo.

A primeira columna (*Activado*), permite habilitar ese tema para que os usuarios os poidan escoller desde o seu perfil para usalos cando inicien sesión. Marcar un tema como *Activado* non afecta ó aspecto da nosa páxina. Un usuario que a visite seguirá a ver o mesmo que antes de marcar esa opción. Marcala unicamente serve para que os usuarios rexistrados o poidan usar si o desexan, pero unicamente cambiará o aspecto da páxina para aqueles usuario rexistrados que decidan activalo no seu propio perfil.

A outra columna (*Por defecto*) indica que tema estamos a usar na nosa páxina no caso de que os usuarios non seleccionen ningún de xeito persoal. Ese será o tema que vexan os visitantes que entren no noso sitio web a primeira vez. Os usuarios non rexistrados verán sempre o tema *por defecto*, xa que non poderán cambiálo.

Podemos marcar coma *activados* cantos temas queiramos, pero unicamente pode haber un tema *por defecto*. De feito, si temos un tema xa definido *por defecto* e marcamos noutro tema calquera esa opción o tema anteriormente marcado deixará de estalo.

Vexamos como funciona dende o punto de vista dos usuarios rexistrados a xestión dos temas. Iniciaremos sesión con un usuario con privilexios de administración e marcaremos algúns temas como *Activados*:

	aquasoft: themes/aquasoft	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	configurar
	aurora: themes/aurora	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	configurar
	bluemarine: themes/bluemarine	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="radio"/>	configurar
	fancy: themes/fancy	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	configurar
	internet_services: themes/internet_services	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	configurar

Vemos que marcamos varios temas coma *Activos* pero unicamente un está marcado coma *por defecto*. Este tema será o que vexan os usuarios non rexistrados que visiten a nosa páxina. Cando un usuario rexistrado inicie sesión coa súa conta de usuario poderá cambiar ese *tema*, pero unicamente entre os que o *administrador* teña marcados coma *activos*.


Ó iniciar sesión co usuario iremos ó seu menú de *navegación* e veremos o seguinte:



Na primeira opción (*A miña conta*) o usuario poderá configurar o seu perfil (cambiar o enderezo de correo electrónico, o seu contrasinal, o idioma no que quere ver a páxina e outras opcións). Para iso, cando prema nese menú verá a seguinte páxina:








Nesa páxina premerá na pestana *Editar* e apareceralle a seguinte pantalla:




Podemos ver os campos nos que pode cambiar as opcións antes indicadas e algunhas outras máis. Si imos á parte inferior da páxina poderá ver una sección chamada *Configuración do tema* onde poderá escoller o tema a usar:

▼ **Configuración do tema**

Ao seleccionar un tema diferente, cambiarase o aspecto visual do sitio web.

Captura de pantalla	Nome	Seleccionado
	internet_services: themes/internet_services	<input type="radio"/>
	fancy: themes/fancy	<input type="radio"/>
	bluemarine: themes/bluemarine (tema predefinido polo sitio)	<input checked="" type="radio"/>
	aurora: themes/aurora	<input type="radio"/>
	aquasoft: themes/aquasoft	<input type="radio"/>

Vemos que por defecto aparece marcado o tema que temos definido *por defecto* no noso sitio, pero o usuario pode escoller entre os que habilitamos antes. Si marca outro tema para usar e preme no botón *Enviar* cambiaralle inmediatamente o aspecto da páxina para amosar a nova *plantilla*:



Como podemos ver, cambiar a aparencia da páxina é bastante sinxelo. O único problema que podemos ter é que Drupal non mantén a mesma configuración de menús en todos os temas, polo que cando un usuario escolle un tema pode ser que algún menú lle cambie de lugar ou mesmo lle desapareza. Isto é debido a que, na páxina de configuración de *bloques* (xa vista no apartado 2.1), cando definimos a posición dun *bloque* dentro da nosa páxina, podemos facelo para cada *tema* ou *plantilla* de xeito independente. Debemos ter coidado con ese aspecto, xa que é posible que un usuario ó cambiar de tema perda algún dos menús que puxemos na nosa páxina.

5.1.- Configurando as plantillas

Indo ó menú de *administración* e entrando en *Construcción da páxina* → *Bloques* veremos esta páxina (que xa coñecemos de seccións anteriores):

Inicio » Administrar » Construcción da páxina

Bloques

Lista Engadir bloque

[opcións de bluemarine](#) | [opcións de abac](#) | [opcións de abac_dark](#) | [opcións de aberdeen](#) | [opcións de opcións de andreas09](#) | [opcións de antique_modern](#) | [opcións de aquasoft](#) | [opcións de aurora](#) | [opcións de b7](#) | [opcións de B7 Brown](#) | [opcións de B7 Green](#) | [opcións de barlow bluebreeze](#) | [opcións de bluebreeze-fixed](#) | [opcións de bluecurve](#) | [opcións de bluefire](#) | [opcións de blue de box_grey](#) | [opcións de brushed_steel](#) | [opcións de burnt](#) | [opcións de celju](#) | [opcións de chameleon copyblogger](#) | [opcións de danger4k](#) | [opcións de dreamy](#) | [opcións de elegant](#) | [opcións de evening](#) | [opcións de fourseasons](#) | [opcións de fourseasons2](#) | [opcións de framework](#) | [opcións de friendsforever glossyblue](#) | [opcións de golden_hour](#) | [opcións de greenhouse](#) | [opcións de greenNblack](#) | [opcións de Internet_Corporation](#) | [opcións de internet_jobs](#) | [opcións de internet_music](#) | [opcións de internet_serv community](#) | [opcións de larepublique](#) | [opcións de light](#) | [opcións de litejazz](#) | [opcións de marinelli](#) | [opcións de MyDrupal-Tidy](#) | [opcións de MyDrupal_Impact](#) | [opcións de MyDrupal_Universal](#) | [opcións de nonzero](#) | [opcións de noprob](#) | [opcións de ocadia](#) | [opcións de orchard](#) | [opcións de purple_beauty](#) | [opcións de rezina](#) | [opcións de salamander](#) | [opcións de sharepoint-like](#) | [opcións de shinobi](#) | [opcións de slash](#) | [opcións de slash_black](#) | [opcións de slash_blue](#) | [opcións de slash_green](#) | [opcións de spreadfirefox](#) | [opcións de spring_bloom](#) | [opcións de STARTERKIT](#) | [opcións de stylized_b de votebob](#) | [opcións de zen](#) | [opcións de zen_classic](#)

Os bloques son as caixas de contido que se poden representar nalgunhas rexións das súas páxinas web, por exemplo poden crealos manualmente.

Só se mostran os bloques activos. Poden ubicar os bloques indicando en qué área da páxina deben aparecer (por exemplo mostrar os bloques. Nunha rexión, poden indicar en qué posición debe aparecer un bloque axustando o seu peso.

Se quere que algúns bloques se desactiven temporalmente cando o servidor experimente unha grande carga, marque despois de activar o módulo throttle.

Pode configurar o comportamento de cada bloque (por exemplo, indicar en qué páxinas e a qué usuarios lle debe aparecer).

Bloque	Rexión	Peso	Operacións
Barra lateral esquerda			
O Centro	barra lateral esquerda ▼	0 ▼	configurar
Alumnado	barra lateral esquerda ▼	1 ▼	configurar
Pais/Nais	barra lateral esquerda ▼	2 ▼	configurar
Actividades	barra lateral esquerda ▼	4 ▼	configurar
Biblioteca	barra lateral esquerda ▼	5 ▼	configurar
Blogs do centro	barra lateral esquerda ▼	6 ▼	configurar

Na parte de abaixo da páxina é onde definiremos as posición dos diferentes *bloques* dentro da nosa páxina. Na parte superior veremos os nomes dos *temas* dispoñibles no noso sitio. Si prememos nun dos nomes pasaremos a configurar ese *tema*. Deste xeito cada *tema* pode ter unha configuración distinta.

Si nos fixamos na imaxe anterior veremos subliñado as *opcións de bluemarine* (que é o noso tema *por defecto*). Os cambios que fagamos afectaránlle a ese tema. O usuario *profe* seleccionou para usar cando inicia sesión o tema chamado *aurora* (ver punto anterior deste manual). Si queremos configurar o que queremos que vexa cando inicia sesión e se carga esa *plantilla* premeremos en *opcións de aurora* (sinalado cunha frecha na imaxe anterior).

Ó premer nesa opción aparecerá a seguinte pantalla:

Inicio » Administrar » Construcción da páxina

content top

Bloques

Lista Engadir bloque

opcións de bluemarine | opcións de abac | opcións de abac_dark | opcións de aberdeen | opcións de aberdeen-liquid |
opcións de acta | opcións de admire_gray | opcións de amadou | opcións de andreas02 | opcións de andreas09 | opcións de
antique_modern | opcións de aquasoft | opcións de arcateria | opcións de art4_green | opcións de artistsC01 | opcións de
atck | **opcións de aurora** | opcións de b7 | opcións de B7 Brown | opcións de B7 Green | opcións de barlow | opcións de
barron | opcións de barroness | opcións de blommor01 | opcións de bluebreeze | opcións de bluebreeze-fixed | opcións de
bluecurve | opcións de bluefire | opcións de bluelake | opcións de bluezone | opcións de blue_bars | opcións de box_cleanstate |
opcións de box_grey | opcións de brushed_steel | opcións de burnt | opcións de celju | opcións de chameleon | opcións de
channel_nine | opcións de combustion | opcións de contented7 | opcións de copyblogger | opcións de danger4k | opcións de
dreamy | opcións de elegant | opcións de evening | opcións de fancy | opcións de flexible | opcións de foliage | opcións de
forest_floor | opcións de fourseasons | opcións de fourseasons2 | opcións de framework | opcións de friendsforever | opcións de
garamond | opcións de garland | opcións de garlandrtl | opcións de glossyblue | opcións de golden_hour | opcións de
greenhouse | opcións de greenNblack | opcións de gutenberg | opcións de hunchbaque | opcións de internet_center | opcións de
Internet_Corporation | opcións de internet_jobs | opcións de internet_music | opcións de internet_services | opcións de
internet_services_2 | opcións de itheme | opcións de k2 | opcións de kommunity | opcións de larepublique | opcións de light |
opcións de litejazz | opcións de marinelli | opcións de marinelli2 | opcións de marvin | opcións de minnelli | opcións de mobi |
opcións de MyDrupal-Tidy | opcións de MyDrupal_Impact | opcións de MyDrupal_Universal | opcións de nautica09 | opcións de
newfangled | opcións de newflash | opcións de nista | opcións de nonzero | opcións de noprob | opcións de ocadia |
opcións de orchard | opcións de purple_beauty | opcións de pushbutton | opcións de pushbutton_educacion | opcións de
renecance | opcións de rezina | opcións de salamander | opcións de sharepoint-like | opcións de shinobi | opcións de sib |
opcións de siberia | opcións de simpla | opcións de simplex2 | opcións de sky | opcións de slash | opcións de slash_black |
opcións de slash_blue | opcións de slash_green | opcións de slash_laran | opcións de sodelicious | opcións de splendor |
opcións de spooner | opcións de spreadfirefox | opcións de spring_bloom | opcións de STARTERKIT | opcións de
stylized_beauty | opcións de tapestry | opcións de terrafirma_theme | opcións de ubiquity | opcións de votebob | opcións de zen |
opcións de zen_classic |

Bloque	Rexión	Peso	Operacións
Barra lateral esquerda			
O Centro	barra lateral esquerda ▼	0 ▼	configurar
Pais/Nais	barra lateral esquerda ▼	2 ▼	configurar
Alumnado	barra lateral esquerda ▼	3 ▼	configurar
Profesorado	barra lateral esquerda ▼	4 ▼	configurar

Onde podemos ver que agora o tema co que estamos a traballar é o *aurora* e poderemos colocar os *bloques* que desexemos na zona que queiramos para este tema.